

UNHA CONSIDERACIÓN SOBRE A EMPRESA GALEGA

IRENE PISÓN FERNÁNDEZ

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo

Palabras clave: *Banco; Economía; Galicia; Bolsa.*

Key words: *Bank; Economy; Galicia; Stock exchange.*

Resumo

A estructura empresarial de Galicia necesita de axudas á investigación e ó desenvolvemento, ó estudio e á preparación de proxectos, á formación dos empresarios co fin de facelos capaces de rendibilizar e poñer en práctica as novas tecnoloxías, ó financiamento de investimentos para a modernización, á colaboración inter-empresas, efectuando investigacións conxuntas de determinados mercados, de aplicacións prácticas de aspectos contables e financeiros.

A necesidade dun banco galego onde se centralice ó final unha moeda galega carece de sentido, ó meu entender, se as nosas pretensións son as de adoptar medidas capaces de fomentalo desenvolvemento empresarial das súas rexións.

Abstract

The business structure of Galicia needs economic aid and incentives for research and development, study and preparation of projects, training of entrepreneurs with the aim of enabling them to make more profitable and put into practice the new technologies, investment financing modernization and development, interfirms collaboration, carrying out joint field surveys of certain markets, putting into practice accounting and financial aspects.

The need for a Galician bank where a Galician currency would eventually be centrali-

zed does not, in my opinion, make sense, if our aims are to adopt measures capable of encouraging the business development of its regions.

A economía tradicional concibe a empresa como unha unidade económica de produción. O modelo neoclásico ignora as razóns da súa existencia ó prescindir do contorno que a rodea; por iso, limitase a considerala como unidade de explotación capaz de transformar un concepto de *inputs* en *outputs*, que revisten a forma de bens e servicios destinados ó consumo ou ó investimento. Neste modelo, pois, ignórarse e prescíndese da estrutura organizativa, do factor humano e da toma de decisións no interior da mesma.

Pero a razón de ser da empresa carecería de sentido se só se ocupase da simple transformación e obtención de bens e servicios porque si. A razón de ser da súa existencia ha de ser cumplir esa satisfacción da forma más eficaz posible, co fin de obter uns resultados favorables que xustifiquen a súa razón de existir.

A empresa é, por tanto, unha cadea económica e financeira que require dun conxunto de decisións a fin de deseñar un producto, distribuílo e vendelo, creando valor. Desta consideración xurdiron dúas teorías como xustificantes dos obxectivos fundamentais que se debe perseguir na empresa:

— A teoría da maximización do beneficio —defendida por Baumol—, na que se sostén que

as forzas do mercado competitivo fan que este maximice o capital das accións, e

— A teoría da maximización da utilidade da xerencia —defendida por Marris, Penrose e Williamson—, pola que se supón que os xerentes, ademais de lograr unha satisfacción para os accionistas, intentarán maximizar os seus propios intereses.

Non obstante, non esquezamos que para que a empresa exista, creza, sexa útil e obteña beneficios, deberá finanziarse co fin de poder efectúa-los investimentos naqueles activos necesarios para iso. Todo isto o vemos reflectido nun documento contable que, dunha forma esquematizada, nos indica a estructura económico-financeira da nosa empresa; neste documento, veremos-las diferentes formas de obter recursos que nos permitirán elixir aqueles investimentos, entre os múltiples que se nos presenten, e efectúa-los máis rendibles.

Vemos pois que, neste contexto, xa non falamos de empresa como algo únicamente productivo ou distributivo, senón tamén como a combinación das sucesivas transformacións económicas, técnicas e financeiras, que implican cambios nas responsabilidades e nas formas da administración financeira.

Desta maneira, cámbiase o enfoque orixinario —que tiña como máxima preocupación a obtención de recursos— por outro que engade a asignación dos mesmos, a xestión dos activos e a valoración que da empresa efectúe o mercado.

Se diriximos este concepto xeral do que se considera empresa e das súas pretensións a Galicia, non podemos deixar de considerar importante o feito de que a estructura empresarial e, en concreto, industrial está caracterizada por unha multitud de pequenas e medianas empresas de tecnoloxías pouco avanzadas con respecto ás dos países más desenvolvidos.

A entrada de España na Comunidade Europea e as constantes e novas operacións internacionais agréganlle dimensións e horizontes novos ós programas de comercialización que existen entre os distintos sistemas económicos, culturais e políticos, polo que é un feito irreversible a necesaria adaptación das nosas estruturas ó colectivo comunitario.

O comercio internacional só pode ser anali-

zado como un paso máis de calquera outro comercio, polo que os fenómenos lóxicos da competencia no comercio nacional poden ser aplicados, xeralmente, á escala internacional, non sen efectuar unha análise adecuada dos mercados estranxeiros co fin de evitar desviacións con respecto ós obxectivos marcados.

Os proxectos de política autonómica empresarial deben ir encamiñados cara a un nova concepción da oferta de xeito que, dirixida ó comercio internacional, poida adaptarse ás novas circunstancias de consumo e custos, co fin de que o impulso da oferta se logre non con proxectos centralizados de grandes dimensións senón, máis ben, cun abano interesante de proxectos que, tecnoloxicamente avanzados, aproveiten as nosas vantaxes comparativas fronte a un Estado centralizador da capacidade de investimento.

As grandes oportunidades de crecemento atópanse sempre, na nosa opinión, na apertura e na proxección cara ós novos modelos. De aí que a posibilidade de cooperar e colaborar para que o comercio se logre con máis eficacia debe ir acompañada de medidas e reformas económicas internas dos países implicados.

Pero, para que a posta en marcha das relacións exteriores inter-empresas teña éxito, é recomendable o apoio e asesoramento de entidades locais especializadas con experiencia suficiente en empresas e mercados capaces de ofrecer proxectos que aseguren o éxito da promoción. Estas organizacións deben proporcionar estudos de mercado sobre o desenvolvemento de accións de *marketing*, promocións, mercados estranxeiros, tecnoloxías, servicios, produtos e capitais; desta maneira, as sociedades de capital-risco poden ter unha importancia esencial.

As nosas empresas nacionais de ámbito estatal poden cooperar con empresas internacionais, pero as nosas empresas locais (autonomía) deben cooperar tamén coas nacionais e internacionais que sexan capaces de proporcionar capital, tecnoloxía, novos productos e comercialización, xa que non debemos esquecer que as relacións de investimento internacional en empresas permiten a creación de empresas transnacionais que proporcionan transferencias tecnolóxicas a cambio doutras vantaxes de investimento, organización, financiamento e xestión.

Este avance nas relacións internacionais ten tamén os seus inconvenientes pois, loxicamente, os acontecementos económicos e políticos xurdidos en calquera país repercuten nos outros. De aí que Galicia acuse, ó igual có resto do Estado e de Europa, a crise, polo que repercute negativamente nela as medidas de axuste económico levadas a cabo co fin de conte-lo desfasamento e desaxuste da balanza comercial española, consecuencia da fortaleza da nosa moeda nos anos 91 e 92, dos altos tipos de réditos, da contracción económica e do débil dinamismo do comercio mundial.

Nestes últimos anos, na nosa autonomía a balanza comercial sofre un estancamiento fronte a décadas anteriores e acusa un déficit provocado por un incremento das importacións fronte ás exportacións; así e todo, adoita ser unha realidade frecuente na nosa comunidade como consecuencia, se cadra, do predominio das pequenas e medianas empresas e do pouco vertebrada que está a nosa capacidade exportadora (automóbiles, construcción naval, pedra, enerxía e peixe), ademais do destino pouco diversificado, xa que se dirixe case unicamente á Comunidade Europea.

Tamén é certo que o empresariado galego, pola súa escasa dimensión, ten unha forma habitual de financiarse a través do crédito a curto prazo e a medio e longo prazo, ademais de autofinanciarse, xa que difícilmente as empresas acuden ó mercado de valores como posible fonte de financiamento, causa probable da escaseza de empresas que coticen en bolsa.

Como é lóxico, para que un mercado de emisión teña éxito é preciso un eficiente mercado de negociación. Este mercado foi sempre obxecto de demanda por parte das diferentes autonomías, pois a existencia dun mercado bursátil local parecía te-la posibilidade de estimular as nosas empresas a financiarse desta maneira.

Sobre isto, en 1978, a Federación Internacional de Bolsas de Valores considerou que a fragmentación dos mercados bursátiles diminuía o grao de eficacia ocasionado polos desfasamentos nos prezos dos títulos, debido ás diferentes cotizacións existentes para o mesmo activo segundo a localidade na que estivera emprazada a devandita bolsa. Todo isto provoca unha

desconfianza dos aforradores a dirixi-lo seu aforro cara ó investimento bursátil, polas discriminacións que leva implícitas.

Que o mercado de valores exista con varios centros de contratación independentes uns doutrios e cada un cun territorio exclusivo, é totalmente inoperante xa que o colectivo de compradores e vendedores de títulos debe actuar libremente, sen limitacións territoriais e coa exclusiva restricción, para eles, do prezo de cotización do activo, tal e como se interpreta da esencia xurídica e económica do mercado de valores.

Se analizamos minuciosamente a Constitución española, observamos que esta lle permite ás comunidades autónomas asumir competencias en materias referentes ó fomento do desenvolvemento económico, dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional. Disto podemos deducir que o Estado terá a facultade de establecer centros de contratación naquelhas comunidades autónomas que carezan de competencia exclusiva nesa materia. Sen embargo, non sabemos ata que punto pode supoñer vantaxes para a empresa a saída ó mercado nunha bolsa local, xa que unha maior proxección supón, evidentemente, posibles mellores beneficios para o investidor ó se facer máis atractivo o investimento bursátil. Por outro lado, ningunha autoridade autonómica podería impedirles ós seus cidadáns mercar ou vender activos noutros centros de contratación autonómicos existentes fóra da súa propia autonomía pois, do contrario, iríase a unha fragmentación do sistema bursátil e a unha competencia compartimentada que dislocaría o mercado nacional de valores ata conducilo ó fracaso.

En definitiva, calquera formulación sobre a creación dunha bolsa rexional, debería ir acompañada dun intento globalizador de cotización xeral que elimine as desviacións nos prezos dos activos establecidos en cada unha delas. Non obstante, se analizámo-la situación bursátil mundial caeremos na conta de que en cada país hai unha única bolsa importante. Así, en España, poderíamos considerar como relevante a de Madrid, na que se negocia entre o 75 e o 80% do volume de contratación nacional; a de Barcelona entre o 10 e o 15% e a de Bilbao entre o 1 e o 5%. Carece de interese a de Valencia.

Con todo, as diferencias nos prezos de contratación nas diferentes bolsas foron resoltas dende os avances na informatización a través da cal aparece o sistema de interconexión bursátil por ordenador, integrándose, deste xeito, os mercados de valores ó aparecer tódolos enfrontamentos entre oferta e demanda. Este sistema fixo posible que se dotasen con maior perfección e competitividade os tradicionais circuitos bursátiles de contratación en parquets, convertíndoos praticamente nun mercado único.

De aí que nun momento crucial de desenvolvemento do mundo financeiro como é este, careza de sentido pensar nunha bolsa galega, máxime cando a economía se move por políticas transnacionais onde os mercados de valores mundiais (EE.UU e Xapón) son os motores do mundo, facendo que repercutan as súas decisións no resto e onde, coas vantaxes da comunicación, carece de sentido a diversificación de bolsas que provocaría incrementos nos custos, nas estruturas burocráticas e diminuirían as rendibilidades.

O que se pretende coa existencia dos mercados secundarios de valores é darlle líquidez ó mercado de capitais ó converter os dereitos en cartos; é dicir, facilita-la transferencia de investimentos xa realizados e permitirlles ós investidores cambia-las súas decisións segundo varíen as súas expectativas, entrando e saíndo voluntariamente do circuito investidor. Isto fai que as características dos mercados bursátiles inflúan notablemente nos mercados primarios ou de emisión, xa que as transaccións serán más fáciles canto máis anchos e áxiles sexan estes; de aí que a relación interbursátil europea e mundial o único que consegue é un auténtico desenvolvemento no financiamento das empresas.

A estructura empresarial de Galicia necesita de axudas á investigación e ó desenvolvemento, ó estudio e preparación de proxectos, á formación de empresarios co fin de facelos capaces de

rendibilizar e poñer en práctica as novas tecnoloxías, ó financiamento de investimentos para a modernización, á colaboración inter-empresas para efectuar investigacións conxuntas de determinados mercados, á posta en práctica de aspectos contables e financeiros. De aí que, máis ca un banco galego onde se centralice ó final unha moeda galega carece de sentido, ó meu xuízo, se as nosas pretensións son de progreso, o que se necesita é que o Banco Central sexa quien de adoptar medidas capaces de fomenta-lo desenvolvemento empresarial das súas rexións, uns bancos privados galegos onde os recursos que obteñan da estructura industrial e empresarial galega se reinvistan, fundamentalmente, en Galicia, concedendo créditos brandos que animen ó investimento e á creación de emprego, unhas caixas de aforro, que tiveron un nacemento "sen fin de lucro", que o poñan en práctica e cooperen autenticamente co empresariado galego ampliando os períodos de amortización de créditos (altos tipos de réditos en España e a períodos máis curtos cós estranxeiros).

As modernas finanzas son métodos pouco usuais para Galicia, xa que os novos productos financeiros a través dos *swaps*, *frap*, opcións, futuros, etc., capaces de servir de cobertura e protección ó financiamento ou investimento, non se poden poñer en práctica nunha estructura como a nosa, onde son escasas as empresas que cotizan en bolsa e que teñen unha forte relación con outros países.

En definitiva, determinados aspectos do sistema financeiro poden ser assumidos polo Estado, aínda que o seu deseño sexa diferente nas diversas autonomías. O interesante será lograr unha engrenaxe coherente dos mecanismos centrais e autonómicos de xeito que, respectando a cohesión no seu conxunto, elimine as incertezas e favoreza as empresas de capital autonómico.